

X X I

C E R

T A

M E

L I

T E

R A

R I O

Concello de Ames

narrativa e poesía



RESUMO DAS BASES

REQUISITOS, MODALIDADES E CATEGORÍAS

Poderá participar calquera persoa que presente textos inéditos de temática libre escritos en lingua galega acordes coas bases do certame.

O certame ten **dúas modalidades**, narrativa e poesía, e en cada modalidade establécense **tres categorías**, segundo a idade das persoas participantes.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de textos remata o **día 24 de abril de 2024** (incluído).

PRESENTACIÓN DOS TEXTOS E DOS DATOS PERSOAIS

Os textos poderán entregarse en man ou remitirse por correo postal ao enderezo: Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Ames, Pazo da Peregrina, Avda. de Azcárraga, nº 5, Bertamiráns, 15220 Ames, A Coruña.

Enviaranse **catro exemplares** do texto, escritos en tamaño de letra 12 e con interliñado de 1.5, coa extensión que se indica a seguir.

Narrativa: extensión mínima 2 páxinas e máxima 6.

Poesía: extensión mínima 20 versos e máxima 50.

As obras presentaranse baixo **pseudónimo** e para garantir o anonimato, **nos textos non poden aparecer datos persoais** nin sinaturas. En cada exemplar do texto figurará: modalidade (narrativa ou poesía), **categoría** (1ª, 2ª ou 3ª) e **pseudónimo** do autor ou autora.

Os datos persoais introducíranse nun sobre pechado (nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal e electrónico e declaración responsable de non estar incurso/a en supostos que impidan obter a condición de beneficiario/a e de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa seguridade social).

*As persoas menores de idade deben achegar os datos dunha persoa maior de idade que exerza como representante legal.

Para facilitar a achega dos datos persoais e da documentación requirida pode descargarse da páxina web municipal a **FICHA DE PARTICIPACIÓN NO CERTAME LITERARIO CONCELLO DE AMES.**

O sobre pechado cos datos persoais e as catro copias do texto introducíranse nun sobre máis grande. No remite deste figurará a modalidade, a categoría e o pseudónimo.

PREMIOS

En cada modalidade establécense tres categorías e, en cada categoría, tres premios coa dotación económica que se especifica a seguir:

1ª Categoría (ata os 13 anos)

1º premio: 200 € **2º premio:** 170 € **3º premio:** 140 €

2ª Categoría (dos 14 aos 17 anos)

1º premio: 230 € **2º premio:** 200 € **3º premio:** 170 €

3ª Categoría (18 anos ou máis)

1º premio: 300 € **2º premio:** 260 € **3º premio:** 230 €

*Para o cómputo da idade, establécense como data de referencia o **24 de abril de 2024** día no que remata o prazo de entrega dos traballos participantes.

COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará formado por tres membros do ámbito literario e por un secretario ou secretaria, con voz e sen voto, en representación do Concello de Ames. A súa composición publicarase con antelación á emisión do ditame e a súa decisión será inapelable.

ANUNCIO E ENTREGA DOS PREMIOS

A decisión do xurado anunciarase publicamente o **3 de xuño de 2024** e os premios entregaranse o **8 de xuño de 2024** nun acto público na Casa da Cultura do Milladoiro.

PUBLICACIÓN DAS OBRAS PREMIADAS

O Concello de Ames publicará as obras premiadas nunha antoloxía, sen apercibimento de dereitos de autoría e compensando os autores ou autoras con cinco exemplares do volume que se edite. Para esta publicación, **as persoas gañadoras deberán entregar os textos en formato dixital**. Se o autor ou autora publica pola súa conta algún dos textos gañadores, deberá facer referencia ao premio obtido neste certame.

RETIRADA DAS OBRAS NON PREMIADAS

As obras poderán retirarse, logo de solicitalo, nos tres meses posteriores á publicación da decisión do xurado. Transcorrido ese prazo, os traballos non premiados destruíranse. O Concello de Ames non manterá correspondencia cos autores e autoras dos textos presentados nin asume responsabilidade ningunha pola eventual perda dalgún orixinal.

As bases íntegras deste certame poden consultarse na páxina web municipal: www.concellodeames.gal

A FICHA DE PARTICIPACIÓN pode solicitarse en normalizacion@concellodeames.gal



W www.concellodeames.gal

E normalizacion@concellodeames.gal

T 662 377 215

